

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos. Está elaborada pola mestra Estela Godoy Miranda xa que da esta materia nos dous cursos, 3º A e 3º B.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade

2.ALUMNADO

En liñas xerais os alumnos de terceiro (8-9 anos) atópanse no Estadio das Operacións Concretas. Algunhas das características desta etapa son:

- Necesidade de manipular (obxectos, linguaxe...) para alcanzar os conceptos propostos.
- A súa intelixencia é practica, polo que coñecen a través da súa experiencia persoal e cotiá.
- Perciben a realidade globalmente. Son subxectivos nos seus plantexamentos, conciben os feitos á súa imaxe e considéranse o centro de todo.
- Teñen gran curiosidade, son imaxinativos, imitativos e impacientes.
- Importante desenrolo intelectual, alcanzando gran madurez a atención e a memoria.
- Gustan de participar en actividades individuais e grupais.
- Ensaian a primeira independencia de apego con experiencias sociais que influirán no desenrolo da súa autoestima e complexos.
- O xogo segue sendo necesario para completar o seu desenvolvemento físico, social e cognitivo. Interésase polos xogos de regras que impliquen movemento..
- Adquiren máis autonomía a nivel motor e inician independencia a nivel emocional

No terceiro nivel de E. Primaria hai matriculados 49 alumnos/as repartidos en dúas aulas da seguinte maneira: 24 en 3º A e 25 en 3º B.

2.1. Aula de 3º A

O grupo está composto por 16 nenas e 8 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 10 fan uso do transporte escolar. Fan uso de comedor catro de maneira fixa e tres discontinua. A lingua predominante na aula é o galego. Asisten a proxecto competencial 8 e 16 a relixión. Son usuarios do plan madrugua un alumno. Dúas alumnas e un alumno teñen apoio educativo por parte das mestras de PT e AL.

2.2.Aula de 3ºB

O grupo está composto por 14 nenas e 11 nenos, están xuntos dende infantil. Do total de alumnos, 21 viven na localidade e 4 fan uso do transporte escolar. A lingua predominante na aula é o castelán. Asisten a proxecto competencial 18 e 7 a relixión. Son usuarios do comedor seis de maneira habitual unha discontinua. Precisan reforzo educativo por parte da mestra de PT tres alumnos/as e dous reciben RE de AL.

3.-PROFESORADO

Titoras:

Estela Godoy Miranda 3ºA

Sonia Barcala Sanmarco 3ºB

Especialistas:

-Inglés : María Carmen Fernández (3ºB) e Begoña Chouciño (3º A)

-Música: Rebeca López 3º A e 3ºB

-Educación Física: Jorge Barros 3ºA e 3º B

-Relixión católica: Victor

-Proxecto competencial:Estela Godoy Miranda.

-Audición e linguaxe: Rosa Aller

-Pedagogía terapéutica: Marta Durán e Rocío Piso Neira

-Sección bilingüe : Sonia Barcala Sanmarco

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Citius, Altius, Fortius: Os xogos olímpicos na Antiga Grecia	Faremos unha investigación sobre a orixe dos xogos olímpicos. Aneis Olímpicos	40	15	X		
2	Sedes olímpicas dos XXOO.	Profundizar e coñecer nos distintos países que organizaron xogos olímpicos. Bandeiras curiosidades.	30	10		X	
3	FigueirOlímpicos	Coñecer os diferentes deportes olímpicos de París 24. Paraolimpíadas.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Citius, Altius, Fortius: Os xogos olímpicos na Antiga Grecia	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da orixe dos XXOO na Antiga Grecia.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Sedes olímpicas dos XXOO.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	FigueirOlímpicos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Un curso de campionato!".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

- Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir a orixe dos xogos olímpicos na Antiga Grecia en cada un dos ámbitos e disciplinas de coñecemento. Cada grupo cooperativo terá asignado un determinado tema:

- Agóns Atléticos
- Carreiras
- Saltos
- Lanzamentos

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que buscar toda a información das diferentes sedes olímpicas e profundizar no tema.

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)

- Libros e outro material libre
- Buscas na web
- Biblioteca de centro

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre). Album de cromos, revistas, exposición en murais, carnés de identidade con QR, presentación dixital, cartolinas, elaboración dun cómic...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e farase un acto especial a final de curso en colaboración co PDI do centro

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. - Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno archivador , folios...
Ordenador (aula de informática), ordenador da biblioteca ou tablets
Cartolinas, pegamento, tesoiras, pinturas
Patio; mesas tipo picnic ou zonas de xogo ao aire libre.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital , dispoñendo o alumnado de mesas colectivas, o que facilitará a súa distribución para o traballo grupal. Usaremos tamén a biblioteca de centro onde teremos moitos dos recursos que empregaremos para a búsqueda da información (libros, tablets, revistas...)

- As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. - Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II. Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.
- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan as distintas personaxes seleccionadas.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada en (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. (Formato libre). En cartón pluma, cartolinas, blogs , revistas...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,...

O nivel de adquisición das competencias que valoraremos a través de todas as tarefas levadas a cabo e tendo en conta os seguintes criterios: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Probas específicas orais e exposición dos traballos elaborados 60%, traballo autónomo e seguimento das clases 20% (libretas, fichas, traballos, esforzo, presentación con orde e limpeza), traballo en equipo 10% (participación activa. respecto polas normas do grupo, iniciativa e aportacións realizadas, adecuación do produto final ao solicitado), actitude e participación 10% (cumprimento dos seus deberes como alumno/a: respecto polas normas da clase, intervencións axeitadas respectando a quenda e atendendo aos demais, coidado do material persoal e da aula, respecto aos dereitos dos demais).

A avaliación ordinaria final responderá aos seguintes parámetros que recolleamos a continuación: a) Avaliación

continua nas Linguas Galega e Castelán, no Proxecto Competencial e Ed. Plástica, polo que a nota da terceira avaliación e a ordinaria coincidirán. b) En Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas a avaliación ordinaria responderá á media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Respecto aos criterios de promoción, a avaliación será positiva cando o alumnado acade alomenos os estándares prioritarios no seu nivel mínimo de consecución e o 60% do resto dos estándares.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

3. A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais. Deste xeito, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición de traballos no noso corredor.	Difusión para a Comunidade Educativa .			X
Día da discapacidade: diversidade funcional	Cooperaremos con Basketmi(baloncesto en cadeira de rodas) na sensibilización do noso alumnado	X		
Día da paz	Xogos cooperativos e colaborativos.		X	

Observacións:

Faremos Lapbook ou caixas sorpresa sobre os Xogos Olímpicos. Sede e diferentes deportes. Maquetas
Elaboración dun cómic en colaboración co PDI de centro "Un curso de campionato" sobre os xogos olímpicos ou os deportes olímpicos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Clima de traballo na aula
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

A intervención educativa na área do Proxecto Competencial desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e unha adecuada adquisición das competencias transversais. O currículo da área do Proxecto Competencial ten unha formulación aberta para permitirlle ao profesorado un marco amplo de posibilidades de concreción para axustarse ás necesidades do alumnado destinatario, ás súas preocupacións e aos seus intereses, así como á realidade da contorna do centro docente. Por outra banda, o currículo da área é común para todos os cursos da etapa, polo que o profesorado terá que adecuar as propostas de desenvolvemento curricular ao nivel e idade do alumnado buscando unha oportuna progresividade no conxunto dos cursos da etapa. Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados